

## TRABALLO MÚSICA

Ola!

Que tal??

Pois unha semana máis seguimos traballando...

Que tal esa peza que che mandei? Imaxino que xenial, xa que é moi doada e seguro que os sae moi ben...

A resposta ao nome da peza: "O HIMNO GALEGO" (Os Pinos)...seguro que o acertaches!!!.

A miña idea é que toques e cantes o himno cara ao Día das Letras Galegas (17 de maio) que este ano está adicado a Ricardo Carvalho Calero, todo o cal iremos vendo ao longo de próximas sesións.

Esta semana seguimos repasando a peza coa fruta e imos poñerlle tamén un pouco da letra para ir ensaiando...Non está enteiro, pero de momento non precisamos aprender máis. Ao carón da letra, poño a tradución da mesma. Se houbera alguna palabra que non coñezas, xa sabes: DICIONARIO!!.

**1. Que din os rumorosos  
na costa verdecente,  
ao raio transparente  
do prácido luar?**

**2. Que din as altas copas  
de escuro arume arpado  
co seu ben compasado  
monótono fungar?**

**3. Do teu verdor cinguido  
e de benignos astros,  
confín dos verdes castros  
e valeroso chan.**

**4. Non des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono;  
esperta do teu sono  
Fogar de Breogán.**

en la costa verdeante  
al rayo transparente  
de la plácida luz de luna?  
2. ¿Qué dicen las altas copas  
de oscuro follaje arpado  
con su bien acompasado  
monótono zumbar?  
3. De tu verdor ceñido  
y de benignos astros  
confín de los verdes castros  
y valeroso suelo.  
No des al olvido  
de la injuria el rudo encono;  
despierta de tu sueño  
Hogar de Breogán.

1. ¿Qué dicen los rumorosos

En 1890, cando foi escrito o poema orixinal, todavía non existía unha norma ortográfica establecida do idioma galego. A letra do himno oficializada en 1984 xa fai uso da normativa ortográfica. Pero a profe non sabe tantas cousas; parece que se esqueceu de... ..

1º Quen compuxo a letra? E a música?

2º Cal é a historia da letra?

Despois de responder as cuestiónns anteriores...

3º Practica o himno: <https://www.youtube.com/watch?v=hmXAB9rvFWE>

Non esquezas facelo coa familia tamén!!

4º Como non todo é tocar e cantar, nesta ligazón poderás facer xogos de memoria sobre instrumentos, xogos de ritmo, altura de sons, tocar o teclado, etc... para que cando teñas tempo e queiras facer algo diferente pero educativo utilices este recurso: [www.aprendomusica.com](http://www.aprendomusica.com)

5º Repasa cousiñas anteriores que sempre veñen ben e tamén amenizan as xornadas coa familia!! Jeje.

\*Que teñas unha boa semana, aproveitando a estar coa familia, axuda na casa...e lembra que dentro de pouco poderás saír da casa acompañado/a e con responsabilidade...

Non esquezas que se tes algunha dúbida, queres mandarme algún vídeo tocando, cantando,...podes escribirme ao correo: [silviaprofefogar@gmail.com](mailto:silviaprofefogar@gmail.com).

Sodes uns/has máquinas!!

Un bico moi forte da vosa profe Silvia.